

Vixilancia da saúde dos/as traballadores/as autónomos/as

Recoñecemento médico gratuíto

A quen vai dirixido?

Traballadores/as autónomos/as en xeral e socios/as cooperativistas que teñan a condición de traballador/a autónomo/a, que coticen no RETA (Régime Especial de Traballadores Autónomos), incluídos os do Sistema Especial de Traballadores Agrarios.

Teño que estar traballando?

Quen o solicite debe estar en activo, é dicir, non pode estar de baixa ou xubilado.

Onde debo dirixirme?

Aos Centros ISSGA emprazados nas catro provincias galegas.

Como podo solicitalo?

Facendo chegar unha solicitude por cada persoa, acompañada do DNI e copia da tarxeta sanitaria.

Canto dura?

Haberá que dispoñer dunha boa parte da mañá, xa que para a súa realización precisaranse entre 3 -4 horas.

Cando se realizará?

Unha vez recibidas as solicitudes nos centros, poranse en contacto co/coa traballador/a vía telefónica ou por correo, para indicarlle as condicións e datas do recoñecemento.

Canto custan?

Estes recoñecementos médicos son gratuítos.



En que consiste o recoñemento médico?

- Anamnese e historia clínica individualizada do/a traballador/a
- Historia laboral
- Exploración física específica por sistemas
 - Datos antropométricos: peso, talla, tensión arterial, índice de masa corporal
- Estudos complementarios:
 - Control - visión
 - Tonometría
 - Probas de funcionalismo pulmonar
 - Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea
 - Impedanciometría
 - Electrocardiograma
 - Análise clínicas:
 - Bioquímica
 - Inmunoloxía: PSA (a homes de 45 ou máis anos). Aos/As traballadores/as do sector agrario efectuaráselle a reacción antibrucela (Rosa de Bengala) e no caso de positividade, a seroaglutinación en tubo para brucela abortus.
 - Hematoloxía e fórmula leucocitaria.
 - Velocidade de sedimentación
 - Análise de ouriños
- Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico
- Elaboración e envío dun informe médico e impresión diagnóstica
- Recomendacións



Centro ISSGA da Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8
15006 A Coruña.
Tlf.: 981 182 329 / 25 Fax: 981 182 332

Centro ISSGA de Lugo

Ronda de Fingoi, 170
27071 Lugo
Tlf.: 982 294 323 / 21 Fax: 982 294 336

Centro ISSGA de Ourense

Rúa de Villaamil e Castro, s/n
32872 Ourense
Tlf.: 988 386 395 / 292 Fax: 988 386 222

Centro ISSGA de Pontevedra

Camiño Coto do Coello, nº2
36812 Rande - Redondela – Pontevedra
Tlf.: 886 218 131 / 00 Fax: 886 218 102